



NORMAS DE CONVIVENCIA IES CHAPELA

A asistencia a clase é **obligatoria** tanto na ESO como en BACHARELATO. As faltas de asistencia e os retrasos serán enviados por ABALAR aos responsables do alumnado. Terán a consideración de faltas leves as faltas de asistencia inxustificadas a clase, as faltas reiteradas de puntualidade ou a reiterada asistencia ao centro sen o material necesario. Se hai algún problema co transporte, informar en dirección.

No centro empregamos a aplicación corporativa **ABALAR** como ferramenta de comunicación cos pais/nais. A diario se envían as faltas a través deste sistema e o titor/a e o profesorado que imparte clase no curso pode enviar calquera incidencia ou comunicación que teña lugar ao longo da curso.

- As faltas de asistencia deberán xustificarse **sempre documentalmente** presentando o modelo do centro, ou ben a través da aplicación ABALAR, e adxuntando o xustificante pertinente (médico, exames...) nos días seguintes á falta. No caso de que non se teña xustificante, se considerará xustificada a falta, tanto a través de ABALAR como co modelo do centro e a sinatura dos pais, sempre que esta circunstancia sexa ocasional. Se estas faltas se producen con frecuencia se considerarán como **non xustificadas**.
- O alumnado **non poden saír** do centro sos durante o horario escolar. En caso de que teñan que saír, deberán vir os pais a buscalos e asinar a **autorización** en conserxería.
- Durante o transcurso das sesión lectivas o alumnado ten que permanecer dentro da súa aula, a non ser que teñan clase nunha aula específica (ximnasio, taller, informática...). Non está permitida a saída aos servizos durante as horas de clase, agás con autorización expresa do profesor ou profesora, e a utilización dos servizos será nos recreos.

O alumnado respectará o dereito dos/as compañeiros/as a recibir información académica durante as clases. A alteración do normal desenvolvemento das sesión lectivas será obxecto de **amoestación** e o profesorado comunicarao ás familias por ABALAR. En caso de reiteración nas faltas de conduta, ou en caso de non poder permanecer na aula por condutas disruptivas, o alumnado será enviado á aula de convivencia, onde realizará un traballo de reflexión e traballo da materia. En caso de reincidencia ou condutas especialmente graves poden tomarse outras medidas (perda do dereito de asistencia a clase durante tres días, apertura de expediente disciplinario, perda do dereito de asistencia a actividades extraescolares...).

Segundo a Lei de Convivencia do 30 de xuño (DOG 136 do 15 de xullo de 2011), artigo 11 “o profesorado ten a condición de autoridade pública, e os feitos constatados polo profesorado teñen presunción de veracidade”.

En caso de que o alumnado sexa amoestado, en función da gravidade dos feitos, se aplicarán as medidas correctoras que se consideren. As amoestacións do centro están clasificadas en LEVES E GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA, a continuación, resumo de faltas detalladas nas NOF do centro:

Faltas leves

- Interromper as clases reiteradamente.
- Non traer o material reiteradamente.
- Non manter a orde na clase.
- Non realizar as tarefas solicitadas polo profesor/a.
- Usar o móbil. O móbil ten que permanecer apagado e gardado na mochila(Requisaráselle e entregarse en XE, que informará ó pai/nai para que sexa este/a quen veña ó centro a recollelo).
- Permanecer nos corredores ou nos baños nas horas de clase ou durante os recreos.
- Non manter a orde polos corredores nos cambios de clase.
- Saída do centro (alumnado menor de 18 anos).

Faltas graves.

- Inxurias ou falta de respecto ó profesorado.
- Reiteración de actitudes negativas (faltas leves).
- Agresións a compañeiros/as ou faltas de respecto.
- Faltas de respecto ás instalacións, materiais, mobiliario...
- Fumar no centro.
- Gravar ou fotografar a persoas sen o seu permiso.

Faltas moi graves.

- Acumulación de 3 expulsións (3 faltas graves).
- Agresión a un profesor/a ou persoal.
- Agresión grave a un compañeiro/a.
- Consumo ou tenencia de drogas no centro.

USO DE MÓBILES E OUTROS APARELLOS SIMILARES.

Segundo o **protocolo da Xunta de Galicia publicado o 4 de xaneiro de 2024** queda **PROHIBIDO o uso de móbiles EN TODO O IES en toda a xornada escolar e para todo o alumnado**. No se permitirá o uso do móbil nos períodos non lectivos (entradas, saídas, tempo de lecer, cafetería e actividades complementarias e extraescolares)

Segundo a mencionada Lei de Convivencia no artigo 11 “o profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades extraescolares e complementarias a entrega de calquera obxecto que estea expresamente prohibido polas normas do centro (...)”. O alumnado está obrigado “ a inmediata entrega do obxecto, que será depositado na dirección do centro, quedando a disposición da nai ou pai do alumno/a unha vez terminada a xornada escolar”. Calquera conduta que supoña unha transgresión desta norma será corrixida segundo os procedementos establecidos no Regulamento de Convivencia. Ademais, **o centro non se fai responsable do mal uso, furto ou subtracción destes aparellos.**

ORDENADORES EDIXGAL

- **O alumnado é responsable do seu ordenador.** Deben levalo sempre no seu maletín, levalo coa batería cargada e non sacalo da aula se non é para outras clases. Pódese contratar un **seguro anual para o ordenador** (para coñecer as coberturas e mais info):

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieschapela/taxonomy/term/330>

ou ás coordinadoras EDIXGAL: Begoña Fernández e Saínza Arias.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares ou complementarias do centro están dentro da programación das materias. Cando se realicen fóra do centro necesitan de **AUTORIZACIÓN EXPRESA DOS PAIS/NAIS, QUE DEBERÁ SER ENTREGADA EN PRAZO (e fóra de ese prazo non se recollerán)**, co fin de poder organizar os autobuses, entradas ou os aspectos que sexan necesarios.

O alumnado que non participe nunha actividade extraescolar ten a obriga de asistir a clase e realizar un traballo obrigatorio que supla o realizado na actividade.

O alumnado que acumule un número elevado de faltas de conduta ou foran sancionados serán excluídos destas actividades.

SAÍDA AO PAVILLON NAS HORAS DE EF

Debido á falta de instalacións cubertas axeitadas para a práctica deportiva e de actividade física, nas clases de EF utilizamos o pavillón do Concello de Chapela. Para poder utilizalo debemos saír do centro **SEMPRE ACOMPAÑADOS POLO PROFESOR/A e previa autorización dos pais/nais**. A utilización desta instalación ten unhas normas que temos que respectar: debe utilizarse sempre calzado deportivo e limpo e sempre en presenza do profesor/a.

AUTORIZACIÓN PARA A IMAXE

No IES Chapela subimos á páxina web do centro fotos e vídeos con actividades nas que participa o alumnado. Para a utilización destas imaxes debemos de contar coa **AUTORIZACIÓN** dos pais/nais.

BIBLIOTECA

Ao alumnado do 1º de ESO se lle realizarán os carnés para o uso da biblioteca e se lle informará das súas normas. Infórmase que a biblioteca está aberta polas tardes en horario de 17:00 a 20:40.